

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

6467 *LEI 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias. («BOE» 82, do 5-4-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte Lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Os boletíns oficiais das provincias créanse por Real orde do 20 de abril de 1833, onde se establece en cada capital de provincia un diario ou boletín periódico no que se inserirán tódalas ordes, disposicións e prevencións que calquera autoridade lles tivese que facer ás xustizas e concellos das localidades.

A citada norma creou e xeneralizou os boletíns oficiais para tódalas provincias, pero non especificou a organización administrativa responsable da súa edición e do custo económico, así como da dirección e ordenación das insercións de disposicións e anuncios.

Con posterioridade xorden numerosas disposicións (reais ordes do 26 de marzo de 1837, 5 de xullo de 1837, 6 de abril de 1839, 4 de abril de 1840, 24 de maio de 1846, 3 de setembro de 1846, 21 de xaneiro de 1849, 15 de xullo de 1849 e 8 de outubro de 1856) que completan a real orde de creación destes boletíns oficiais, atribuíndolles ós daquela xefes políticos a responsabilidade da edición deles, sendo os órganos decisorios para a inserción dos correspondentes textos, atribucións estas que obedecían á súa configuración como axentes estatais de comunicación e control das provincias e das autoridades locais, ós que lles trasladaban as disposicións dictadas polo Goberno, verificando o seu obrigado cumprimento.

A partir das reais ordes do 8 de outubro de 1856 e do 1 de agosto de 1871, a xestión material do servizo de edición dos boletíns oficiais da provincia pasa a ser responsabilidade das deputacións provinciais, as cales, ademais, asumían o custo de tal edición, que pasou a considerarse como obriga das ditas entidades.

II

Esta regulación dos boletíns oficiais das provincias deu lugar, desde hai tempo, a diversos problemas derivados, fundamentalmente, da falta de adecuación desta normativa á nova configuración territorial do Estado, o que levou á existencia dun consenso xeneralizado arredor da necesidade dunha reforma legal que clarifique

definitivamente esta cuestión nuclear e, con iso, o réxime de xestión deste servizo.

A disposición adicional quinta da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, deulle unha nova redacción ó artigo 122 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, engadíndose un novo parágrafo ó devandito artigo, onde se establece que «As deputacións provinciais seguirán editando e publicando o Boletín Oficial da Provincia, podendo para tal efecto establecer e esixir taxas e prezos pola inserción de anuncios e edictos, e a subscripción e venda de exemplares». Con este precepto resolveuse o problema económico formulado ás deputacións á hora de lles facer fronte ós gastos ocasionados pola prestación deste servizo, se ben seguía sen existir unha regulación específica do réxime xurídico destes boletíns.

Pola súa parte, o Congreso dos Deputados aprobou o 13 de decembro de 2000 unha proposición non de lei, na que «insta o Goberno a que, tralos oportunos estudos e consultas, se proceda a dicta-la normativa adecuada do servizo de publicación do Boletín Oficial da Provincia. Entre outros aspectos, esta nova normativa preverá a posibilidade de que aquelas comunidades autónomas, en que así o acorden os seus respectivos parlamentos, poidan unificar nunha soa publicación oficial os boletíns oficiais das provincias do seu territorio co Boletín Oficial da Comunidade Autónoma, de acordo co respectivo Goberno autonómico e os entes locais do seu ámbito territorial».

En cumprimento deste acordo, esta Lei dota os boletíns oficiais das provincias dun marco xurídico completo e acorde coa actual configuración da provincia na Constitución española de 1978 e na propia Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como entidade local dotada de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses, prevéndose expresamente a posibilidade de integración destes boletíns no da Comunidade Autónoma respectiva.

III

Así, configúrase expresamente o Boletín Oficial da Provincia como un servizo público de ámbito provincial, competencia das deputacións provinciais, ás que corresponde a súa edición e xestión. Ó tratarse dunha atribución competencial, é necesaria unha norma con rango de lei por imperativo do artigo 7.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, onde se establece que as competencias propias das entidades locais territoriais só se poderán determinar por lei.

Neste sentido, a necesidade de que as distintas administracións públicas e a propia Administración de xustiza dispoñan dun instrumento para lles dar publicidade ás súas disposicións e actuacións no ámbito provincial queda atendida, establecendo na lei a inserción obrigatoria daquelas.

Por outra parte, como vén sucedendo na actualidade, a publicación dos textos estará suxeita á correspondente

ordenanza reguladora do servizo aprobada pola deputación provincial, de acordo co previsto no artigo 122 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sendo a subscrición obrigatoria para os entes locais da provincia.

IV

Nas disposicións adicionais contéplase a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan acordar a integración dos boletíns oficiais das súas provincias no Boletín Oficial da Comunidade, co fin de posibilitar unha simplificación nos instrumentos de publicidade normativa existentes, se ben esta posibilidade deberá contar co acordo da deputación provincial, co fin de respectar os ámbitos de autonomía da provincia e da comunidade autónoma respectiva.

Por outro lado, tamén se contempla o recoñecemento dos réximes especiais derivados da Constitución e dos estatutos de autonomía recollidos nos artigos 39 a 41 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

V

Por último, a lei dítase ó abeiro das competencias recoñecidas ó Estado no artigo 149.1.18.^a da Constitución, por tratarse dunha base do réxime xurídico administrativo que garante un tratamento común a tódolos cidadáns, en relación co artigo 9.3 da Constitución (principio de publicidade das normas), ó que lle hai que engadir, neste caso, a relación existente co principio de publicidade das actuacións xudiciais, recollido no artigo 120.1 da Constitución.

Neste sentido, o Tribunal Constitucional, no fundamento xurídico 8 da sentenza 233/1999, do 16 de decembro, sinala, por un lado, que a publicación dos actos xurídicos emanados das corporacións locais nos boletíns oficiais das provincias ha de considerarse unha decisión básica incardinable na competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución, pois esixe un tratamento común e uniforme en todo o territorio do Estado que só pode garanti-lo lexislador estatal, e, por outro lado, que a publicación de anuncios e acordos no Boletín Oficial da Provincia resulta plenamente acorde coa dimensión constitucional que a esta lle atribúe o artigo 141 da Constitución, na súa dobre condición de agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado, entre as que hai que incluí-las das propias corporacións locais en que se organiza territorialmente este último.

CAPÍTULO I

O Boletín Oficial da Provincia

Artigo 1. *Contido.*

O Boletín Oficial da Provincia é o periódico oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e as ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das administracións públicas e da Administración de xustiza de ámbito territorial provincial, cando así estea previsto en disposición legal ou regulamentaria.

Os textos publicados no Boletín Oficial da Provincia teñen a consideración de oficiais e auténticos.

Artigo 2. *Competencia.*

O Boletín Oficial da Provincia é un servizo público de carácter provincial, competencia propia das deputa-

cións provinciais, ás que lles corresponde a súa edición e xestión.

Cada deputación provincial regulará o modo e forma de xestión do boletín, a súa edición, distribución e venda. Para tal efecto, deberá aproba-la oportuna ordenanza reguladora do servizo, podendo para tal efecto establecer e esixir taxas e prezos pola inserción de anuncios e edictos, e a subscrición e venda de exemplares.

Artigo 3. *Subscrición.*

A subscrición ó Boletín Oficial da Provincia será obrigatoria para os entes locais da provincia, que a deberán aboar nos termos e coas excepcións que prevexan as ordenanzas reguladoras.

Artigo 4. *Periodicidade.*

O Boletín Oficial da Provincia publicarase con periodicidade mínima de tres veces por semana, debendo cadra-la data do boletín coa da súa efectiva publicación.

Artigo 5. *Lingua de publicación.*

O Boletín Oficial da Provincia publicarase en castelán e, se é o caso, na lingua que sexa cooficial no territorio, conforme o establecido pola lexislación específica das comunidades autónomas.

Artigo 6. *Obriga de publicar.*

1. As deputacións provinciais están obrigadas a publicar no Boletín Oficial da Provincia cantas disposicións, ordenanzas, resolucións, edictos, anuncios, actos ou acordos das distintas administracións públicas e da Administración de xustiza deban ser inseridos nel en virtude de disposición legal ou regulamentaria, así como outros actos ou anuncios que aquelas lles remitan, sen prexuízo do establecido no artigo 11 desta Lei.

A orde de inserción correspóndelle ó órgano competente da correspondente Administración anunciante, e será levada a cabo pola deputación provincial sempre que cumpra os requisitos establecidos nesta Lei.

2. Os anuncios particulares poderán, así mesmo, ser inseridos no Boletín Oficial da Provincia, nos termos que se regulen na correspondente ordenanza provincial.

Artigo 7. *Publicación dos orixinais.*

1. Os orixinais serán transcritos na mesma forma en que se atopen redactados e autorizados polo órgano remitente, sen que por ningunha causa poidan variarse ou modificarse os seus textos unha vez que estes tivesen entrada no boletín oficial, salvo que o órgano remitente o autorice de forma que faga fe.

2. A publicación dos orixinais realizarase por orde cronolóxica de presentación, que só poderá ser alterada cando a publicación sexa declarada urxente polo órgano remitente na orde de inserción, ou cando o volume do texto que se vaia publicar así o esixa, respectándose en todo caso o prazo máximo establecido no punto seguinte.

3. A publicación deberá ser realizada no prazo máximo de 15 días hábiles posteriores ó pagamento da taxa correspondente, se este procedese, ou, no seu defecto, da recepción da orde de inserción. En caso de publicación urxente, este prazo reduciríase a 6 días hábiles.

4. Os orixinais que se envíen ó Boletín Oficial da Provincia terán carácter reservado. Non se poderá faci-

litar información ningunha acerca deles, agás autorización expresa do órgano remitente.

5. Se algún texto aparece publicado con erratas que alteren ou modifiquen o seu contido, será reproducido inmediatamente na súa totalidade ou na parte necesaria, coas debidas correccións.

Artigo 8. *Autenticación de documentos.*

Co fin de comproba-la autenticidade dos documentos, os servicios correspondentes da deputación provincial levarán un rexistro das autoridades e funcionarios facultados para asina-la orde de inserción dos orixinais destinados á súa publicación, no que constarán a sinatura autógrafa e o nome e cargo da persoa á que pertenza.

Para estes efectos, os órganos correspondentes das administracións públicas e da Administración de xustiza acreditarán ante a deputación provincial, segundo a súa normativa específica, as persoas facultadas para ordena-la inserción, así como as modificacións que se produzan.

Artigo 9. *Incorporación de medios técnicos.*

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as deputacións provinciais impulsarán o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos na prestación do servicio do Boletín Oficial da Provincia, debendo quedar en todo caso garantida a autenticidade dos documentos inseridos.

Artigo 10. *Consulta do boletín.*

As deputacións provinciais facilitarán nos seus locais a consulta pública e gratuíta do Boletín Oficial da Provincia.

Esta obriga será extensiva ós concellos da provincia.

CAPÍTULO II

Réxime económico do Boletín Oficial da Provincia

Artigo 11. *Taxa de publicación.*

1. A publicación dos textos no Boletín Oficial da Provincia estará suxeita ó pagamento previo da taxa provincial, de acordo co que estableza a ordenanza reguladora aprobada pola correspondente deputación provincial.

2. Estarán exentos do pagamento da taxa:

a) A publicación de disposicións e as resolucións de inserción obrigatoria.

b) Os anuncios oficiais, calquera que sexa o solicitante da inserción, cando esta resulte obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou regulamentaria, así como os edictos e anuncios de xulgados e tribunais cando a inserción sexa ordenada de oficio.

3. Exceptúanse da exención a que se refire o punto anterior as seguintes publicacións:

a) Os anuncios publicados por instancia de particulares.

b) Os anuncios de licitacións de todo tipo de contratos, de acordo co establecido na súa lexislación específica.

c) Os anuncios oficiais da Administración de xustiza por instancia de particulares.

d) Os anuncios o custo dos cales sexa repercutible ós interesados segundo as disposicións aplicables.

e) Os anuncios derivados de procedementos suxeitos ó pagamento dunha taxa, prezo público ou outro tipo de dereitos económicos.

f) Os anuncios que poidan reportar, directa ou indirectamente, un beneficio económico ó remitente ou solicitante, ou tivesen contido económico.

Non se considerará, para estes efectos, que reporta un beneficio económico ou que teña contido económico as citacións para seren notificados por comparecencia nos procedementos de recadación dos diferentes tributos ou exaccións parafiscais, nos casos en que, intentada a notificación ó interesado ou representante por parte da Administración tributaria ou entidades e corporacións de dereito público ás que corresponde a súa recadación, esta non fose posible.

g) Os anuncios que poidan ou deban publicarse ademais nun diario, segundo disposición legal ou regulamentaria.

A respectiva ordenanza reguladora da taxa poderá declara-la exención de todos ou algún dos supostos exceptuados.

Artigo 12. *Convenios de colaboración.*

As ordenanzas reguladoras das taxas poderán preve-la posibilidade de subscripción de convenios de colaboración interadministrativa mediante os cales se arbitren sistemas específicos para realiza-la liquidación e pagamento global das taxas por publicación de textos; neste caso non será de aplicación o previsto no artigo anterior.

Coa mesma finalidade, poderán subscribirse convenios para o pagamento das taxas correspondentes á publicación de anuncios particulares, nos termos que fixen as correspondentes ordenanzas.

Artigo 13. *Cooperación interadministrativa.*

De acordo co establecido nos artigos 55.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 4.1.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas prestarán, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que a Administración provincial poida precisar para o mantemento e modernización do Boletín Oficial da Provincia.

Disposición adicional primeira. *Integración dos boletíns oficiais das provincias.*

1. Os parlamentos das comunidades autónomas poderán, por proposta do Goberno autonómico, e logo de aceptación da deputación provincial, acorda-la integración do Boletín Oficial da Provincia no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma respectiva; neste caso regularase pola normativa autonómica, sendo en todo caso de aplicación o previsto nos artigos 1; 4; 5; 6, punto 1; e 7, puntos 1, 4 e 5, desta lei.

Así mesmo, a referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais entenderase realizada ó órgano encargado da publicación do boletín oficial da respectiva comunidade autónoma, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

2. Nos casos en que se acorde esta integración, o boletín oficial de cada unha das provincias contará cunha sección independente identificada co seu nome ou ben deberá sinalarse claramente no encabezamento do boletín oficial da comunidade autónoma respectiva que este inclúe os correspondentes boletíns oficiais das

provincias, co fin de garanti-la publicidade dos seus contidos.

3. O acordo de integración terá unha vixencia de dez anos, transcorridos os cales se entenderá automaticamente prorrogado cada dez anos se non hai denuncia expresa do acordo polo Goberno autonómico ou pola deputación provincial.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas uniprovinciais.*

Os boletíns oficiais das comunidades autónomas uniprovinciais rexeranse pola súa lexislación específica, séndolles en todo caso de aplicación os artigos desta Lei citados no número 1 da disposición adicional primeira.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais, entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do boletín oficial da respectiva comunidade autónoma uniprovincial, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición adicional terceira. *Comunidade Foral de Navarra.*

Esta lei será de aplicación na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos na disposición adicional primeira da Constitución e na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e melloramento do réxime foral de Navarra.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do Boletín Oficial da Comunidade Foral, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico da citada publicación.

Disposición adicional cuarta. *Comunidade Autónoma de Canarias.*

Os boletíns oficiais das provincias das Palmas e de Santa Cruz de Tenerife rexeranse pola súa normativa específica, de acordo co disposto na disposición transitoria sexta da Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto, de Estatuto de autonomía de Canarias, respecto ás mancomunidades provinciais interinsulares, séndolles en todo caso de aplicación o disposto na disposición adicional segunda respecto ás comunidades autónomas uniprovinciais.

Disposición adicional quinta. *Territorios históricos.*

Esta lei seralles de aplicación ós boletíns oficiais dos territorios históricos do País Vasco de acordo coas especificidades derivadas do previsto na disposición adicional primeira da Constitución, o Estatuto de autonomía para o País Vasco e a disposición adicional segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais entenderase realizada ás deputacións forais, correspondéndolles a estas establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición adicional sexta. *Cidades de Ceuta e Melilla.*

Esta lei será de aplicación ós boletíns oficiais das cidades de Ceuta e Melilla, que deberán publicarse cunha periodicidade mínima de dúas veces por semana.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais, entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do Boletín Oficial da Cidade, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición transitoria primeira. *Adecuación de ordenanzas.*

As deputacións provinciais deberán adecuar as súas ordenanzas ó establecido nesta lei no prazo máximo de seis meses a partir do 1 de xaneiro do exercicio económico seguinte á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Entrada en vigor do artigo 5.*

O artigo 5 será de aplicación ós dous anos da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as reais ordes do 20 de abril de 1833, 26 de marzo de 1837, 5 de xullo de 1837, 9 de outubro de 1838, 6 de abril de 1839, 4 de abril de 1840, 24 de maio de 1846, 3 de setembro de 1846, 21 de xaneiro de 1849, 15 de xullo de 1849, 8 de outubro de 1856, 1 de agosto de 1871, 9 de xullo de 1872, 3 de novembro de 1907 e 8 de agosto de 1915.

Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira única. *Título competencial.*

Esta lei constitúe lexislación básica, dictada ó abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6472 *REAL DECRETO 285/2002, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ó traballo no mar.* («BOE» 82, do 5-4-2002.)

Facendo uso das posibilidades que o Tratado da Comunidade Europea lle recoñece ó diálogo social, os interlocutores sociais europeos do sector da mariña mercante, a Asociación de Armadores da Comunidade Europea (ECSA) e a Federación de Sindicatos do Transporte da Unión Europea (FST), asinaron o 30 de setembro de 1998 un acordo sobre a ordenación do tempo de traballo da xente do mar. Meses despois, respondendo á petición conxunta de tales organizacións, o Consello da Unión Europea adoptou a Directiva 1999/63/CE, do 21 de xuño, que ten por obxecto dar aplicación ó citado acordo.

A directiva, e o acordo que se inclúe como anexo nela, diríxense, mediante o establecemento dun límite máximo de horas de traballo ou dun número mínimo